

ANEXO X
BASE DE DATOS DAS EXPLOTACIÓNS

NOME	DATO	TIPO TAMAÑO
COD AGRUP	CÓDIGO DE AGRUPACIÓN	NÚMERO (ENTEIRO) 2
NOM AGRUP	NOME DA AGRUPACIÓN	TEXTO 30
APELLIDO	APELLIDO	TEXTO 40
NOMBRE	NOME	TEXTO 20
LE1	LETRA INICIAL CIF TITULAR	TEXTO 1
EXPL DNI	NÚMERO CIF TITULAR	NÚMERO (BOBRE) 8
LE2	LETRA FINAL CIF TITULAR	TEXTO 1
LC1	LETRA INICIAL NIF TITULAR COTA	TEXTO 1
CUOT DNI	NÚMERO NIF TITULAR COTA	NÚMERO (BOBRE) 8
LC2	LETRA FINAL NIF TITULAR COTA	TEXTO 1
LI1	LETRA INICIAL CIF NO LIGAL	TEXTO 1
LIGA DNI	NÚMERO CIF NO LIGAL	NÚMERO (BOBRE) 8
LI2	LETRA FINAL CIF NO LIGAL	TEXTO 1
CEA	CEA EXPLOTACIÓN	NÚMERO (BOBRE) 8
PROVINCIA	PROVINCIA	NÚMERO (ENTEIRO) 2
AYUNTAMIENTO	CONCELLO	NÚMERO (ENTEIRO) 2
PARROQUIA	PARROQUIA	TEXTO 30
LUGAR	LUGAR	TEXTO 30
TELÉFONO	TELÉFONO	TEXTO 10
N VACAS	Nº VACAS	NÚMERO (BOBRE) 8
CUOTA	COTA	NÚMERO (BOBRE) 8
TIPO_INST	TIPO INSTALACIÓN	NÚMERO (ENTEIRO) 2
PUNT ORDEÑO	PUNTOS MUJIDURA	NÚMERO (ENTEIRO) 2
N TANQUES	Nº TANQUES	NÚMERO (ENTEIRO) 2
CAP TANQUE1	CAPACIDADE TANQUE 1	NÚMERO (ENTEIRO) 2
CAP TANQUE2	CAPACIDADE TANQUE 2	NÚMERO (ENTEIRO) 2
P1	PROGRAMA 1	TEXTO 1
P2	PROGRAMA 2	TEXTO 1

Orde do 27 de marzo de 2006 pola que se convocan, para o ano 2006, as axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñedo en Galicia.

O Regulamento (CE) 1493/1999, do Consello, do 17 de maio, establece a organización común do mercado vitivinícola; as disposicións de aplicación no relativo ao potencial de produción veñen previstas no Regulamento (CE) 1227/2000, da Comisión, do 31 de maio. No ámbito estatal, as medidas de desenvolvemento da normativa comunitaria están establecidas no Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, que regula o potencial de produción vitícola.

Pola súa banda, a Orde do 5 de setembro de 2000 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, modificada polas ordes do 27 de marzo de 2003 (DOG nº 63, do 31 de marzo) e do 23 de marzo de 2005 (DOG nº 60, do 30 de marzo), regula os plans de reestruturación e reconversión do viñedo nesta comunidade autónoma, establecendo un réxime de axudas para a realización dos ditos plans.

A dita orde cumpre os requisitos previstos para as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas e subvencións, no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo), polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, redactado segundo a Lei 8/1999, do 30 de decembro, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, e previstas as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia, con vixencia indefinida, na Orde do 5 de setembro de 2000, cómpre realizar a convocatoria correspondente a este ano 2006.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no

uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2006, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia, de acordo coas bases previstas na Orde do 5 de setembro de 2000 (DOG nº 175, do 8 de setembro), modificada polas ordes do 27 de marzo de 2003 (DOG nº 63, do 31 de marzo) e do 23 de marzo de 2005 (DOG nº 60, do 30 de marzo).

Artigo 2º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder a estas axudas, deberanse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 5 de setembro de 2000 (DOG nº 175, do 8 de setembro) pola que se determinan as condicións de concesión de axudas para os plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia.

2. Estas axudas teñen por finalidade incentivar os plans de reestruturación e reconversión de viñedo, no marco do obxectivo xeral, establecido no artigo 11 do Regulamento (CE) 1493/1999, do 17 de maio, do Consello, de adaptar a produción á demanda abranguendo algunha das accións seguintes:

- a) Reconversión varietal.
- b) Reimplantación de viñedos.
- c) Melloras das técnicas de xestión do viñedo.

Artigo 3º.-Prazo e presentación das solicitudes de axuda.

1. As solicitudes de axuda presentaranse entre o 1 de abril e o 31 de maio de 2006, en calquera das formas previstas no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e, preferentemente, nas oficinas agrarias comarcais da Consellería do Medio Rural.

2. As solicitudes, documentación e procedemento de xestión das axudas serán os establecidos con carácter xeral na Orde do 5 de setembro de 2000 pola que se regulan os plans de reestruturación e reconversión de viñedo en Galicia, salvo o modelo de solicitude (anexo I) que será o establecido na Orde do 22 de marzo de 2002 (DOG nº 61, do 27 de marzo).

3. A presentación da solicitude de axuda polo interesado levará consigo a autorización á dirección xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria e aos servizos técnicos agrarios das delegacións provinciais para recadar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia para acreditar que o beneficiario se atopa ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

Non obstante, quedan exentos de xustificar o cumprimento das obrigas ás que se refire o artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario

de Galicia, os beneficiarios das axudas especificadas no artigo 41.1º g) da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2006.

Artigo 4º.-Pagamentos anticipados.

No caso de solicitar o pagamento anticipado das axudas, rexerá o disposto no artigo 9.2º da Orde do 5 de setembro de 2000 (DOG nº 175, do 8 de setembro) que establece que se poderán conceder anticipos das axudas cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Se teña comezada a execución da medida específica. Para estes efectos, considérase que se ten comezada a dita medida cando se teña realizado a arrinca da plantación ou se achegue factura de compra de planta, ou se demostre ou verifique fidedignamente calquera outra operación de carácter irreversible.

b) Se teña constituída unha garantía por un importe igual ao 120%.

Artigo 5º.-Prazos e xustificación.

O cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda axustarase aos prazos de execución establecidos na Orde do 5 de setembro de 2000 (DOG nº 175, do 8 de setembro) pola que se regulan os plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galicia.

O prazo máximo para a presentación dos xustificantes previstos na antedita orde para acreditar a realización dos investimentos, será de dous meses contados desde a certificación destes.

Artigo 6º.-Financiamento.

1. As axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñado en Galicia estarán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.614-A 772.1 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. A súa dotación para o exercicio 2006 será de 3.500.000 euros. Para exercicios futuros, tamén con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.614-A 772.1, disporase de 600.000 euros para o exercicio 2007; 600.000 euros para o exercicio 2008; 600.000 euros para o exercicio 2009 e 50.000 euros para o exercicio 2010. Estas dotacións poderán verse incrementadas con outros remanentes orzamentarios, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias así como asignacións financeiras fixadas en consonancia co artigo 25 do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola.

Disposición adicional

Única.-As referencias feitas na Orde do 5 de setembro de 2000 e sucesivas á dirección xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria e á subdirección xeral de Exploracións Agrarias, entenderanse referidas á dirección xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria e á subdirección xeral de Producción Agraria Sustentable e Fomento Asociativo, respectivamente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as instrucións que considere oportunas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 7 de marzo de 2006 pola que se convoca un concurso escolar de ideas sobre a imaxe do deporte galego, por medio da utilización de símbolos que permitan a súa identificación pública.

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que rexerán o concurso escolar para a presentación de ideas sobre a imaxe do deporte galego, por medio da utilización de símbolos que permitan a súa identificación pública, que convoca a Consellería de Cultura e Deporte, baixo as seguintes modalidades:

Modalidade A: ideas relativas a unha mascota que sirva para a súa vinculación ao lema: deporte galego. Para a súa confección poderá utilizarse a imaxe de animais, persoas, ou elementos de ficción.

Modalidade B: ideas relativas aos elementos que poden conformar o logo que acompaña a marca deporte galego.

En ambos os dous casos, as propostas formuladas polos participantes preténdese que sirvan de inspiración aos deseñadores de tales elementos.

Artigo 2º.-Destinatarios.

Poderán solicitar a participación os mozos ou mozas que cursen os seus estudos en centros escolares radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, do seguinte xeito:

Na modalidade A, poderán tomar parte os escolares pertencentes á ensinanza primaria.

Na modalidade B, poderano facer todo os escolares que cursen a ensinanza secundaria.

A participación supón a aceptación total das condicións fixadas nesta orde.

Artigo 3º.-Inscricións.

1. A solicitude dos participantes deberá facerse no impreso normalizado (anexo I) á cal se xuntará un sobre pechado no cal, no seu anverso, só se consignará a modalidade en que se toma parte e o lema baixo o cal se concursa. No interior do citado sobre conterase a seguinte documentación:

-Os materiais que se presenten ao concurso, sen identificación persoal e facendo constar o lema baixo o que se concursa.

-Un pequeno sobre pechado, que identificando o lema no exterior, conterá os datos persoais e centro escolar a que pertence o concursante.

2. As solicitudes poderán presentarse, xunto co resto da documentación, no rexistro da Consellería de Cultura e Deporte (edificio administrativo de San Ca-